

O borrador da Lei de xuventude pódese consultar na web da Xunta



A Xunta porá en marcha o primeiro protocolo de ámbito autonómico de atención ao maltrato de maiores ou persoas con discapacidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar presentou esta ferramenta, que permitirá coordinar as actuacións dos axentes implicados co fin de garantir unha atención "rápida" e "especializada"
- ▶ Ata o momento, non existe ningún instrumento destas características noutras comunidade autónomas, nin no propio Estado
- ▶ Na súa elaboración participaron os profesionais relacionados con este ámbito: traballadores do eido social e da atención sanitaria; forzas de seguridade; a Fiscalía; así como distintos departamentos da Xunta
- ▶ Este Protocolo actuará para cumprir un triplo obxectivo fronte ao maltrato: previlo, detectalo e atendelo



A Xunta pon en marcha unha rede de centros de asesoramento e dinamización co fin de promover o cooperativismo en Galicia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa a rede "Eusumo" de cooperativismo e economía social

1,2 millóns de euros á promoción das cooperativas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa o proxecto europeo "Coopera +", promovido por este departamento autonómico

Informe do paro rexistrado

O desemprego descendeu en Galicia en 6.457 persoas no mes de xuño, o que supón unha baixada do 2,69 por cento

Sumario	Cooperativismo	2-3	Igualdade	8
	Diálogo social	4-5	Xuventude	9
	Seguridade e saúde laboral	5	Dependencia	10
	Informe do paro rexistrado	6	Benestar	11
	Formación-emprego	6-7	Normativa e publicacións	12-22

Créditos	Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
	Coordinación:	Pepa Dabán Royo
	Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

A Xunta pon en marcha unha rede de centros de asesoramento e dinamización co fin de promover o cooperativismo en Galicia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa a rede "Eusumo" de cooperativismo e economía social
- ▶ Esta iniciativa vén dar resposta á falla dun entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social na comunidade autónoma
- ▶ Poderán optar a formar parte desta rede asociacións de cooperativas, entidades locais, cámaras de comercio ou fundacións
- ▶ Para facer efectiva esta iniciativa, a Consellería de Traballo formalizará relacións de colaboración coas entidades participantes na rede e habilitará un equipo técnico especializado que asumirá o asesoramento e xestión desta rede
- ▶ Mato destacou a "especial resistencia" desta fórmula empresarial ante a crise económica, xa que as cooperativas "non presentan só unha contención da destrución de emprego, senón que mesmo xeran postos de traballo"
- ▶ Esta iniciativa preséntase a mesma semana na que se celebra o Día Internacional do Cooperativismo, que tivo lugar o sábado día 2, e que a Xunta conmemorou cun acto en Palas de Rei



Santiago, 29 de xuño de 2011.- A Xunta de Galicia porá en marcha unha rede de centros de asesoramento e dinamización co fin de promover o cooperativismo, que terá presenza en todo o territorio da comunidade autónoma. O obxectivo é dar resposta á necesidade existente de crear un entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social, un recurso que ata agora non existía.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta iniciativa baixo o nome de "Rede Eusumo". Segundo explicou a titular do departamento autonómico, esta iniciativa constituirase coa axuda e colaboración de asociacións de cooperativas, entidades locais, e cámaras de comercio ou fundacións. Esta iniciativa conta cun orzamento de 550.000 euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e constitúe un "piar fundamental" do Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo que está a desenvolver o Goberno galego.

Deste xeito, a través de distintas relacións de colaboracións, as entidades que se suman á rede porán a disposición dos cooperativistas ou daquelas persoas que estean interesadas nestas fórmulas empresariais, puntos de asesoramento e dinamización que as apoien nas súas iniciativas.

Polo momento, xa se teñen sumado a esta rede tres entidades: a Fundación Terra de Trasmancos-Cooperativa do Val de Narón, a Fundación Coren de Ourense, e a Caixa Rural en Lugo.

Para coordinar toda esta rede, a Consellería habilitará un equipo técnico especializado que asumirá a xestión de todo o entramado e que prestará asesoramento a persoas emprendedoras e empresas.

"No nacemento dunha empresa de economía social, como en calquera proxecto en formación, todo o asesoramento e axuda para avanzar de forma áxil, para xerar certezas ou capacidade de anticipación, xoga un papel clave para a maduración e consolidación dos proxectos", subliñou a conselleira, en referencia ao valor engadido que achegará esta rede aos seus beneficiarios.

Neste traballo, participarán activamente todos os profesionais que poden asesorar aos emprendedores e que se coordinarán a través desta rede: axentes de desenvolvemento local, axentes de emprego, gabinete de orientación profesional...

O obxectivo é que esta rede contribúa a dous retos "esenciais". O primeiro deles, segundo explicou Mato, é "superar unha serie de ideas erradas" sobre as cooperativas e sociedades laborais, "facendo valer as súas fortalezas e o seu carácter diferencial respecto doutras fórmulas empresariais". Entre estas fortalezas, a conselleira salientou a posibilidade de compartir esforzos e riscos; o correcto dimensionamento en relación co mercado no que participan; os valores democráticos e de igualdade na súa composición; e o arraigo no territorio.

O segundo obxectivo de "Eusumo" é respaldar a consolidación e maduración dos proxectos emprendedores, e de dotar de "viabilidade empresarial" aos novos proxectos cooperativos.

A titular do departamento autonómico recoñeceu a colaboración de todos os axentes implicados e agradeceu a súa axuda, tanto ás asociacións de cooperativas, como aos órganos

presentes no Consello Galego de Cooperativas, no que están presentes outros departamentos da Xunta, as universidades galegas e a Federación Galega de municipios e provincias.

Ademais, insistiu en que "Eusumo" está baseada na "cooperación", porque se conforma como unha "mallá de axentes e entidades que teñen como obxectivo central o impulso ao cooperativismo e a economía social, ao emprego a un modelo de xeración de riqueza que ten o seu foco central nas persoas".

Esta iniciativa preséntase a mesma semana na que se celebra o Día Internacional do Cooperativismo, que tivo lugar o sábado, día 2, e que a Xunta conmemorou cun acto en Palas de Rei.

Resistencia á crise

A conselleira aproveitou a súa intervención para facer valer a importancia das cooperativas. Neste sentido, resaltou que son fórmulas empresariais "especialmente resistentes á crise" debido ao seu comportamento anticíclico.

Deste xeito, sinalou que "as cooperativas non só presentan unha contención na destrución de emprego, senón que incluso crean postos de traballo". Mato apoiou esta afirmación con datos. Así, lembrou que durante o ano 2010 constituíronse 41 novas cooperativas, e o número de novos socios duplicou os do ano 2009, cun total de 1.562 fronte a 715.

Actualmente, o número destas fórmulas empresariais en Galicia sitúase nas 1.159 e sosteñen preto de 28.000 empregos vinculados á economía social.



Traballo destina 1,2 millóns de euros á promoción das cooperativas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou hoxe en rolda de prensa o proxecto europeo "Coopera +", promovido por este departamento autonómico
- ▶ Na Eurorrexión existen actualmente preto de 2.000 cooperativas que sustentan o 2 por cento da poboación activa da zona
- ▶ Entre outras actuacións, ao abeiro desta iniciativa, crearase unha Unidade transfronteiriça de asesoramento cooperativo (UTAC)
- ▶ Ademais, establecerase unha marca de calidade distintiva para as cooperativas da zona e fomentárase a aparición dunha figura específica de asesoramento: o "axente cooperativo"



Santiago, 14 de xuño de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou un proxecto europeo, liderado por este departamento autonómico, destinado a promover a fórmula do cooperativismo na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a axudar ás cooperativas que xa están activas na zona a superar os obstáculos que poidan atopar. A iniciativa, denominada "Coopera +", conta cun investimento global de 1,2 millóns de euros.

Así o explicou a responsable autonómica, durante unha rolda de prensa onde concretou as iniciativas a poñer en marcha ao abeiro deste proxecto. Para contextualizar este programa, Mato apuntou que na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal existen actualmente preto de 2.000 cooperativas, que sustentan ao 2 por cento da poboación activa da zona.

Con todo, estas fórmulas empresariais deben facer fronte a unha serie de factores que impiden o "pleno desenvolvemento" destas cooperativas. Entre eles, destacan a falta de servizos específicos de asesoramento; a escaseza da formación e cualificación dos profesionais das cooperativas que aumentan o seu risco de mortalidade empresarial; e a falla dunha maior vocación innovadora, así como un descoñecemento dos mercados. A isto hai que sumarlle o illamento que sofren as cooperativas que están situadas no rural.

Precisamente, para atallar estas carencias, deseñouse o programa "Coopera +" que pretende favorecer as cooperativas actuais e, ao tempo,

"establecer un escenario máis propicio para os futuros proxectos".

Así, o programa –que se desenvolverá ata finais de 2012- inclúe a posta en marcha de ferramentas que sirvan para "paliar as debilidades existentes e fortalecer o tecido cooperativo na zona transfronteiriça". Deste xeito, artícularanse medidas que contribúan ao fomento e consolidación das cooperativas, e a xerar "máis e mellores empregos", sinalou Mato.

O proxecto, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), inclúe catro obxectivos específicos: o fomento da cultura emprendedora cooperativa; a disposicións de ferramentas de apoio para o desenvolvemento deste sector; a creación de mecanismos transfronteirizos para xerar oportunidades de negocio e de emprego; e a promoción da comercialización e internacionalización das sociedades cooperativas.

Xa, no que se refire a actuacións concretas, Mato destacou a creación dunha Unidade Transfronteiriça de Asesoramento Cooperativo (UTAC). Esta unidade encargárase de dinamizar e executar o "Coopera +", e estará formado por un equipo multidisciplinar de técnicos especializados. A UTAC contará coa participación do tecido cooperativo e dos axentes socioeconómicos dos territorios, a través da articulación de mesas de traballo transfronteirizas.

Como apoio ao traballo deste equipo, desenvolveranse: estudos relacionados co emprego cooperativo, unha bolsa de emprego e difundirase toda a información referente ao sector cooperativo. Todos os datos útiles para os cooperativistas estarán dispoñibles a través da internet.

Mato incidiu tamén en que se porán en marcha outras accións para o fomento do emprego a través das cooperativas mediante a divulgación, a formación específica dos axentes de inserción, e a través da colaboración entre os organismos responsables, "especificamente centrada na cooperación dos servizos de intermediación laboral".

Ao tempo, tamén se desenvolverán accións de fomento da comercialización e da internacionalización no sector cooperativo, especialmente orientadas ao deseño de estratexias conxuntas na eurorrexión.

Outras medidas concretas nas que fixo

fincapé a conselleira de Traballo foron o establecemento dunha "marca de calidade" distintiva para as cooperativas da zona, así como que, ao abeiro deste proxecto, fomentárase a aparición dunha "figura específica" para o asesoramento aos novos emprendedores no ámbito cooperativo: "o axente cooperativo". Esta figura contará cun "perfil concreto e especializado no ámbito do cooperativismo e poderá continuar o seu labor máis alá da finalización deste proxecto".

Participantes

O proxecto "Coopera +" está liderado pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, xunto con outros catro socios: a Cámara de Comercio de Vigo; a Asociación de desenvolvemento da rexión do Alto Támega; a Asociación empresarial Viana do Castelo; e a Facultade de ciencias sociais da Universidade Católica Portuguesa.

Ademais, a iniciativa conta coa participación de cinco entidades asociadas: a Asociación galega de cooperativas agrarias (AGAC); a Federación de empresas cooperativas Sinerxia; a Unión de cooperativas de traballo (Asociación Ugacota); a Unión de cooperativas de ensino de traballo asociado (UCETAG); e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego.



Mato afirma que o diálogo social está a dar “unha atención prioritaria” aos sectores do téxtil, naval e automoción



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a constitución da nova Federación de Industria e Traballadores Agrarios de UGT-Galicia
- ▶ Mato fixo fincapé na importancia de manter un proceso de diálogo social en tempos de crise e lembrou que en Galicia acadáronse 15 acordos e 9 preacordos en menos de dous anos “de traballo compartido”
- ▶ Destacou o desenvolvemento do programa Empregatex e os acordos alcanzados para a implantación do selo naval e da credencial naval

Santiago, 25 de xuño de 2011.- O proceso do diálogo social está a dar “unha atención prioritaria” aos sectores estratéxicos para a economía da Comunidade autónoma como son o téxtil, o naval e a automoción, co fin de que Galicia saia reforzada da crise. Así o destacou en Santiago a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no acto de constitución da nova Federación de Industria e Traballadores Agrarios de UGT-Galicia, que nace tras a fusión da Federación de Industrias Afíns (FIA) e a Federación Agroalimentaria de UGT (FTA). A nova entidade, Fitag, será a quinta federación máis importante de Galicia.

A titular de Traballo fixo referencia aos principais programas que a Xunta está a desenvolver para apoiar a estes tres sectores, iniciativas todas elas consensuadas cos sindicatos e a patronal no seo do diálogo social.

Así, Mato lembrou que o programa Empregatex, para respaldar as persoas do sector téxtil que quedaron sen emprego, está a dar resultados “esperanzadores e positivos”. Esta actuación, na que participa directamente o sindicato UGT, foi deseñado especificamente para a recolocación dos traballadores e traballadoras deste ámbito afectados pola crise con orixe na globalización.

Referido ao téxtil, a conselleira tamén lembrou que o Goberno galego está a desenvolver desde 2010 unha visión estratéxica para lograr o mantemento dos niveis de emprego en Galicia deste sector e manter a competitividade das empresas. O orzamento para este programa é de preto de 11 millóns de euros ata 2012.

“Estas iniciativas son a mostra palpable de que o diálogo e o traballo conxunto constitúen o mellor camiño posible para a consecución de resultados”, apuntou.

No eido do naval e da automoción, a conselleira destacou os dous preacordos adoptados no seo do diálogo social o pasado mes de marzo: a implantación do selo naval e da credencial naval, e o deseño de medidas concretas para superar a actual situación do sector e medidas para a automoción.

Ademais, recordou que no diálogo social de Galicia, un proceso aberto nos primeiros seis meses da lexislatura, acadáronse 15 acordos e 9 preacordos en menos de dous anos “de traballo compartido” entre Xunta, sindicatos e patronal.

Apuntou que todos eles teñen como denominador común a prioridade pola recuperación do emprego; a mellora da cualificación e da

empregabilidade dos traballadores e traballadoras; o apoio á competitividade das empresas galegas; e, por último, a construción dunha sociedade igualitaria e solidaria que inclúe desde a responsabilidade social das empresas á atención estratéxica dos colectivos máis vulnerables.

Por último, indicou que o papel das organizacións sindicais neste proceso é “de especial relevancia”, xa que explicou que o deseño de novos modelos e estruturas debe afrontarse non só desde o coñecemento profundo da realidade senón tamén desde o diálogo entre todos os axentes sociais. Así, concluíu agradecendo “a responsabilidade e compromiso” de sindicatos e patronal neste proceso.



http://traballo.xunta.es/descargas/Dialogo_social_acordos.pdf

Mato avanza que o diálogo social xa definiu máis de 50 medidas do Plan Estratéxico de Responsabilidade Social Empresarial

Vigo, 13 de xuño de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou hoxe que as mesas do diálogo social –nas que toman parte a Administración autonómica, a CEG, UGT e CCOO- teñen xa definidas máis de 50 medidas que se incluírán no Plan estratéxico de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) 2011-2014.

Así o sinalou durante a súa intervención na clausura dunhas xornadas sobre RSE que tiveron lugar no Club financeiro de Vigo. No transcurso da súa participación, concretou que este Plan estratéxico está xa moi avanzado, polo que “previsiblemente será obxecto dos próximos acordos a asinar no marco do diálogo social”.

O obxectivo é poñer en marcha unha ferramenta que deseñe unha “estratexia global e coordinada” para achegar as empresas á RSE. De feito, Mato fixo fincapé na relevancia deste instrumento tendo en conta que o tecido empresarial de España en xeral, e de Galicia en particular, está constituído por pequenas e medianas empresas, “que son as que máis dificultades teñen para a implantación de sistemas de xestión da RSE”.

De aí que o Goberno autonómico estea a prestar unha “especial atención” á concienciación nesta materia e que estea a traballar en implantar os mecanismos necesarios para facilitar a Pemes e emprendedores o acceso a métodos que lles permitan desenvolver a súa actividade.

O Plan estratéxico de RSE constitúe, polo tanto, unha “aposta integral para a mellora das nosas empresas, para o reforzo da súa competitividade, pola mellora das condicións de traballo e, polo tanto, polo incremento dos nosos niveis de benestar como sociedade”, explicou Mato.

“Unha Galicia con empresas máis competitivas, máis responsables, cuns traballadores que poidan experimentar melloras como o acceso á conciliación da vida persoal e familiar, como a igualdade de xénero e de oportunidade, unha Galicia con empresas respectuosas co noso entorno, será unha Galicia máis forte”, subliñou Mato.

Polo tanto, para conseguir unha maior implantación da RSE nas empresas galegas, o plan que se está ultimando no diálogo social parte de catros obxectivos xerais. O primeiro deles céntrase na formación, coñecemento e a difusión da RSE. Búscase así facer chegar este concepto a “todos e cada un” dos empresarios de Galicia, a través de accións de formación, investigación na materia ou no fomento da implantación de accións concretas.

O segundo obxectivo persegue o incremento do número de empresas que incorporen prácticas socialmente responsables. Pola súa banda, o terceiro obxectivo busca actuar desde a propia Administración como “primeiro exemplo e como mostra visible” do camiño a seguir, tanto na propia Administración autonómica como apoiando estas prácticas nas administracións locais.

Xa por último, o cuarto obxectivo pivota sobre a coordinación, o impulso e o seguimento do propio plan, a través de indicadores e outras ferramentas.

No que se refire ás medidas concretas, a conselleira de Traballo fixo fincapé nalguna das máis de 50 que xa están definidas no seo do diálogo social. En concreto, referiuse á inclusión da RSE nas diferentes etapas educativas, co fin de que a importancia deste concepto sexa asumido polos cidadáns desde os seus primeiros anos.

Ademais, avanzou que tamén está xa acordada, dentro destas actuacións, a posta en marcha do Observatorio galego de RSE, como ferramenta de cooperación entre os axentes económicos e sociais; e, por último, o impulso da responsabilidade social empresarial nas medidas de apoio, convocatorias de subvencións e contratos públicos.

Seguridade e saúde laboral

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia nun 8,04% o pasado mes de maio

- ▶ A Comunidade autónoma rexistrou en maio 2.781 sinistros fronte aos 3.024 que se produciron no mesmo período do ano anterior
- ▶ Os accidentes laborais baixaron nas catro provincias galegas, sendo Ourense na que máis diminuíron
- ▶ A construción e a industria foron os sectores onde o descenso foi maior, cun 25,24 e un 11,23 por cento respectivamente
- ▶ A sinistralidade laboral baixou nun 16,92 por cento nos cinco primeiros meses deste ano, cun total de 13.092 accidentes, fronte aos 15.759 ocorridos no mesmo período de 2010

Santiago, 26 de xuño de 2011.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en maio de 2011 descendieron un 8,04%, mes no que se produciron 2.781 accidentes fronte os 3.024 accidentes ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 2.739 foron accidentes leves, 42 graves e 5 mortais.

Por sectores, descendieron os accidentes na construción nun 25,24%, na industria nun 11,23% e nos servizos nun 0,57%. Pola contra, aumentaron na agricultura nun 5,41%, e na pesca, nun 23,81%.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias, nunha porcentaxe do 17,01% en Ourense; do 14,57% en Lugo; do 6,28% na Coruña; e do 5,95% en Pontevedra.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, descendeu un 6,17% en maio deste ano respecto ao do ano anterior. Por sectores, o maior descenso foi na construción co 14,68%, mentres que na industria foi do 7,97%; na pesca, o aumento foi do 27,38%.

A sinistralidade laboral diminuíu un 16,92 por cento nos cinco primeiros meses deste ano, cun total de 13.092 accidentes laborais fronte aos 15.759 no mesmo período do ano 2010.



O desemprego descendeu en Galicia en 6.457 persoas no mes de xuño, o que supón unha baixada do 2,69 por cento

Santiago, 4 de xullo de 2011.- O desemprego descendeu en Galicia un total de 6.457 persoas no pasado mes de xuño, o que supón unha baixada en termos porcentuais do 2,69 por cento. Deste xeito, o número de persoas desempregadas na Comunidade autónoma sitúase nas 233.557 persoas.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, apelou á "cautela e á prudencia" para valorar estes datos. Aínda que considerou que un descenso no número de desempregados é un "dato positivo", insistiu en que esta cifra correspóndese co habitual "descenso conxuntural" que se rexistra durante a tempada estival, grazas ás contratacións que se producen nestes meses do ano, especialmente no sector servizos.

Neste sentido, a responsable

autonómica recordou que, para facer unha análise rigorosa dos datos do paro, é preciso agardar a observar a evolución de todo o ano.

Por outra banda, destacou que a baixada deste mes (6.457 persoas desempregadas menos) é a maior rexistrada no que vai de ano, desde que o paro comezou a baixar no pasado mes de abril e, ademais, fixo fincapé en que esta cifra é superior á media rexistrada no mesmo mes dos últimos nove anos.

Con respecto aos datos estatais, Díaz López destacou que o descenso do paro rexistrado en Galicia está "un punto por riba" do rexistrado na media do Estado. En concreto, o desemprego baixou no territorio estatal nun 1,62 por cento (fronte ao 2,69% de Galicia), o que supón unha baixada en termos absolutos de 67.858 persoas, e sitúa o desemprego

nun total de 4.121.801 persoas.

De ter en conta a comparativa por comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade autónoma onde máis baixou o paro rexistrado en termos absolutos.

No que se refire a termos interanuais, a responsable autonómica concretou que en Galicia o número de persoas desempregadas aumentou en 13.732 persoas, o que supón unha porcentaxe do 6,25 por cento desde xuño de 2010 a xuño de 2011.


Por sectores, o desemprego descendeu en todos eles. Destaca especialmente a baixada do sector servizos –vinculado á tempada estival, segundo precisou a directora xeral-, xa que foi o que rexistrou unha maior baixada (-3.906 persoas), seguido pola industria (-1.041); pola construción (-861); polo

colectivo sen emprego anterior (-538); e pola agricultura e pesca (-111).

O descenso do paro en xuño rexistrouse tamén nas catro provincias galegas. A maior diminución rexistrouse na Coruña (-2.542 persoas); seguida por Pontevedra (-2.221); por Ourense (-876); e, finalmente, por Lugo (-818).

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia no mes de xuño un total de 61.627 contratos, 4.567 máis que no mes anterior. Deste total, 4.664 foron indefinidos (7,57 por cento) e 56.963 temporais (92,43%). Isto supón unha taxa de estabilidade lixeiramente superior á media do Estado, onde a porcentaxe de contratos indefinidos foi do 7,23 por cento, fronte ao 7,57 de Galicia.


Evolución do paro:



Variación relativa mes anterior

	Parados mes	Variación relativa mes anterior	
Illes Balears	71.494	-5,65	60.000
Castela e León	185.917	-4,68	50.000
Cantabria	43.098	-4,64	40.000
Cataluña	576.394	-3,18	30.000
Asturias	80.743	-2,93	20.000
Galicia	233.557	-2,69	10.000
País Vasco	144.414	-2,65	0
Navarra	41.700	-2,51	-10.000
Castela-A Mancha	209.193	-1,53	-20.000
Madrid	469.511	-1,34	
Aragón	91.271	-1,31	
Valencia	519.180	-0,98	
Canarias	251.963	-0,93	
Murcia	130.027	-0,76	
Ceuta	11.264	-0,49	
Andalucía	910.065	-0,20	
A Rioxa	22.749	0,41	
Extremadura	117.890	0,48	
Meillla	11.371	9,82	
TOTAL	4.121.801	-1,62	

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



A Xunta optimizará a formación para desempregados adaptándoa ás novas necesidades do mercado laboral

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 111, do 10.06.2011) publica a orde do 31 de maio de 2011 pola que se derroga a normativa do 9 de xullo de 2004 que regulaba a creación dun catálogo de expertos docentes, así como o seu procedemento de selección e contratación dos expertos para a impartición de accións formativas nos centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar
- ▶ O obxectivo desta actuación é mellorar a calidade dos cursos, adaptándoos á demanda real de traballo e ofrecer novos certificados de formación
- ▶ Incorporaranse novas especialidades que co catálogo vixente non se podían impartir
- ▶ O departamento autonómico desenvolverá este ano 1.500 accións formativas para persoas desempregadas que beneficiarán a máis de 23.000 galegos e galegas
- ▶ A Xunta investirá máis de 69 millóns de euros nos cursos de formación para desempregados tanto nos centros propios como nas entidades colaboradoras, o que supón un incremento do 5,6 por cento con respecto a 2010

Santiago, 10 de xuño de 2011.- A Xunta está a optimizar a formación para persoas desempregadas co fin de adaptala ás novas necesidades do mercado laboral. Para levar a cabo este obxectivo fíxose necesario derrogar a orde do 9 de xullo de 2004 que regulaba a creación dun catálogo de expertos docentes, así como o procedemento de selección e contratación de expertos para a impartición de accións formativas do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional nos centros de formación profesional ocupacional dependentes da Xunta.

Así, o Diario Oficial de Galicia (DOG nº111, do 10.06.2011) publica a Orde do 31 de maio de 2011, pola que se derroga a normativa do 2004 referida ao catálogo de expertos docentes. Desta actuación xa foron informados tanto o Consello Galego de Formación Profesional como o Consello Galego de Relacións Laborais.

Na actualidade, o Servizo Público de Emprego Estatal está a acometer unha profunda reforma do ficheiro de especialidades formativas, incorporándose ao ficheiro especialidades formativas asociadas a novos certificados de profesionalidade e derrogando aquelas vinculadas a certificados antigos que viñan quedando obsoletas e non eran reflexo da situación actual do sistema produtivo.

Os novos certificados están estruturados en módulos formativos, esixindo un perfil diferente de docente para cada un deles e admitindo a posibilidade da súa programación independente. Ademais, en aras dunha maior calidade da

formación, esíxense aos formadores destes novos certificados maiores requisitos de formación e experiencia profesional que nos cursos anteriores para os que no seu día a Administración autonómica estableceu un catálogo.

Polo tanto, o catálogo ata o de agora existente, integrado por docentes de especialidades formativas que non estaban vinculadas á obtención de novos certificados de profesionalidade, non respondía ás necesidades da formación que é preciso impartir nos centros propios da Consellería de Traballo e Benestar.

Desta maneira, a modificación da formación para o emprego por parte do Estado e a necesidade de que se adapte en cada momento ás necesidades do tecido produtivo, fai preciso dispor dun sistema áxil de contratación, non podendo limitar a programación dos cursos que imparte a Xunta pola falta de docentes apropiados nun catálogo preestablecido.

Na actualidade, a Consellería de Traballo e Benestar xestiona sete centros de formación profesional ocupacional, así como catro unidades de acción formativa nos que se imparten cursos dirixidos a persoas desempregadas.

Formación para desempregados

En total, a Xunta destinará este ano máis de 69 millóns de euros a cursos de formación para persoas desempregadas, que se impartirán tanto nos centros da Consellería como nas entidades colaboradoras. O incremento do orzamento é dun

5,6 por cento con respecto a 2010. Esta actuación beneficiará ao longo de todo o ano a máis de 23.000 galegos desempregados. Os cursos sumarán ao redor dos 1.500.

Coa programación deste ano, o departamento que dirixe Beatriz Mato iniciou un xiro das súas políticas activas de emprego co reforzo da actividade formativa. O seu obxectivo é incrementar a programación acreditable, especialmente aquela dirixida á obtención dos novos certificados de profesionalidade.

A formación acreditable permite aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, teña efectos académicos no eido do sistema educativo e profesionais recoñecidos na lexislación vixente.

Por outra banda, os cursos de formación profesional para o emprego constitúen un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego por tratarse dunha medida de mellora da empregabilidade das persoas en paro que se recolle na Estratexia Europea de Emprego e no Plan Nacional de Acción para o Emprego.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional establece que este tipo de formación é unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

Por último, é preciso destacar que a derrogación da orde non afecta ao normal funcionamento dos cursos que xa se están a impartir.

Mato aposta por reforzar o apoio aos emprendedores e pon en valor o seu papel como “xeradores de emprego”

Vigo, 30 de xuño de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, apostou por reforzar o apoio aos emprendedores e por “poñer en valor a auténtica dimensión social do emprendedor, como dinamizador da riqueza e xerador

de emprego”.

Así o salientou durante a inauguración do Congreso internacional “Networking, creando redes”, que foi organizado pola Asociación de Jóvenes empresarios de Vigo (AJE Vigo). Neste sentido, destacou que

o compromiso cos emprendedores é “asumido, compartido e exercido por todos os departamentos autonómicos”.

Máis en concreto, referiuse ás axudas que ten en marcha o departamento que dirixe en materia de

autónomos e emprendedores. Ao respecto, lembrou que este ano a área de Traballo destinará un total de 27 millóns de euros a apoiar a este colectivo, un financiamento que beneficiará a máis de 4.000 persoas.

Feijóo subliña que a Xunta destina seis de cada dez euros investidos en emprego ás mulleres e garante que seguirán sendo “colectivo prioritario” no futuro

- ▶ Recorda que esta filosofía se pactou no seo do Diálogo Social con patronal e sindicatos e asegura que se incorporará ao Plan de Emprego Autonómico 2011-2014
- ▶ Sinala que “a Xunta de Galicia se sente responsable e a gusto de poñer o seu gran de area” para alcanzar a igualdade plena de mulleres e homes, da que “este programa pioneiro en España é unha boa mostra”
- ▶ Resalta que “non hai razón obxectiva” para que unha muller cobre en España un 22% menos que un home, para que a presenza feminina nas empresas que cotizan en Bolsa sexa do 9,8%, ou para que o 65% das compañías galegas non teñan ningunha muller nos seus órganos directivos



Santiago, 10 de xuño de 2011.- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, resaltou que o Goberno galego destina seis de cada dez euros investidos en programas de emprego ás mulleres, e que estas seguirán sendo “colectivo prioritario” no futuro. “Galicia non quere pertencer a esa categoría de pobos que concibe a igualdade como unha materia accesoria en tempos de crise. Ao contrario, nestes tempos de desacougo é máis preciso que nunca outorgar ao emprego feminino un carácter prioritario”, incidiu.

Neste sentido, Núñez Feijóo lembrou que esta aposta pola muller se pactou no seo do Diálogo Social, asinado o pasado ano coa patronal e cos sindicatos, é será “base esencial” do Plan de Emprego Autonómico 2011-2014, que xa está en marcha a través de diferentes medidas “e que as mesas do diálogo social seguen a completar” para a súa constante adaptación á situación actual.

Así, e aproveitando o acto de clausura do programa ‘Executiva’, que formou este curso a máis de 200 mulleres para facilitar o seu acceso a postos directivos, o titular do Executivo autonómico sinalou que “a Xunta de Galicia se sente responsable e a gusto de poñer o seu gran de area” para alcanzar a igualdade plena de mulleres e homes. “Este programa, pioneiro en España –explicou–, é unha boa mostra de que comprendemos e compartimos as vosas aspiracións, e que ademais queremos ser partícipes delas”.

Núñez Feijóo resaltou, así, que “non hai razón obxectiva” para que unha muller cobre en

España un 22% menos que un home, para que a presenza feminina nas empresas que cotizan en Bolsa sexa do 9,8%, ou para que o 65% das compañías galegas non teñan ningunha muller nos seus órganos directivos. “O despertar feminino de hai dous séculos segue o seu curso e propónse conquistar unha das máis importantes cotas de liberdade: o traballo”, incidiu.

Máis de mil solicitudes

Pola súa banda, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou que a Xunta desenvolverá o próximo ano a segunda edición do programa ‘Executiva’. A este respecto, explicou que, se ben na primeira convocatoria participaron 200 mulleres, recibíronse máis de mil solicitudes.

As mulleres que tomaron parte no programa tiveron a oportunidade de acceder a métodos de

traballo novidosos para sacar o máximo partido ás súas capacidades. “O que queremos é cubrir un espazo que non se está a atender na medida necesaria que é o de reforzar as habilidades de liderado das mulleres e dotalas daquelas ferramentas que lles permitan impulsar as súas carreiras”, afirmou a conselleira.

A través de ‘Executiva’, desenvolvéronse catro aspectos fundamentais: a sensibilización sobre a importancia de potenciar e asumir o rol directivo; a avaliación das competencias directivas existentes nas participantes; a profundización no autocoñecemento dos puntos fortes e das oportunidades de mellora propias; e, por último, o desenvolvemento de capacidades e competencias directivas a través do adestramento individual ao que tiveron acceso 20 mulleres que acadaron a fase final do programa.



Xuventude e voluntariado

A Consellería de Traballo e Benestar está a traballar na elaboración do borrador do anteproxecto da Lei de Xuventude

- ▶ A Dirección Xeral de Xuventude levou a cabo a presentación do borrador a través de catro encontros provinciais e trece foros de debate ao longo do mes de xuño

Santiago, 13 de xuño de 2011.- O borrador do anteproxecto da Lei de Xuventude de Galicia pódese consultar na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, <http://xuventude.xunta.es/>, na que se poden facer as suxestións oportunas.

Ademais, a Dirección Xeral, co obxecto de presentar a primeira lei de Xuventude de Galicia e que sexa unha Lei participativa onde os axentes que traballan coa mocidade poidan facer as súas suxestións, levará a cabo ao longo do mes de xuño a presentación do borrador a través de catro encontros provinciais e trece foros de debate con técnicos, entidades xuvenís, asociacións xuvenís,

escolas de tempo libre, grupos informais e mozos e mozas interesados en participar e aportar propostas de mellora ao mencionado borrador.

Os encontros provinciais tiveron lugar durante o mes de xuño sendo o primeiro no albergue xuvenil de Gandarío, o día 21 ás 12,00 horas; e continuaron na Casa da Xuventude de Ourense o día 22; no Edificio Administrativo da Xunta en Vigo, o día 23; e no LUG II en Lugo o día 24 de xuño.

Así mesmo realizáronse 13 foros de debate nos espazos xove da Rede Galega de Centros de Xuventude de Carballo, Curtis, Noia, Pontedeume, Ourense, Vilagarcía, Tui e Chantada, así como no Centro Coordinador de

Información e Documentación Xuvenil de Galicia en Santiago, o día 27 de xuño as 20.00 horas. Á mesma hora, o día 28 os foros celebráronse nos espazos xove de Betanzos, Lalín, Vilalba e Viveiro.

Esta norma será a primeira Lei de xuventude da autonomía galega. No que se refire aos seus obxectivos, consagrará a participación da mocidade, xa que establecerá canles de participación ordinarias para permitir á xuventude estar nos debates políticos nas materias e decisións que lles afectan. Seguirá, polo tanto, na liña xa operativa de mellora da participación xuvenil, que se plasmou no novo modelo de "Iniciativa Xove", que permitiu por primeira vez acceder ás axudas a grupos informais de mozos e mozas.



Xuventude destaca a “novidosa e moderna” Lei galega de acción voluntaria

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, participou no acto de inauguración do XIV Encontro Galego de Voluntariado que se celebra en Pontevedra
- ▶ Galicia acollerá este ano o XIV Congreso Estatal de Voluntariado baixo o lema 'Camiños de solidariedade'

Pontevedra, 4 de xuño de 2011.- O director Xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, lembrou que a Xunta está a tramitar a Lei galega de acción voluntaria, que entrará en vigor este ano e abrangue desde a formación en voluntariado ata o fomento da acción voluntaria en todos os eidos da sociedade, sendo unha normativa “novidosa e moderna” que incorpora as novas visións que en materia de voluntariado recolle a Unión Europea.

Rodeiro recoñeceu o importante labor que desenvolven os máis de 3.000 voluntarios cos que conta Cruz Vermella de Pontevedra, cumprindo cun papel de primeira orde na área social e sanitaria desta zona. O director xeral participou

no acto de inauguración do XIV Encontro Galego de Voluntariado que se celebrou nesta localidade.

En canto ao Ano Europeo do Voluntariado, Rodeiro destacou que desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado quere desenvolver unha programación que sirva para visibilizar esta conmemoración durante todo o ano, e que terá como peche o XIV Congreso Estatal de Voluntariado que, baixo o lema 'Camiños de solidariedade', acollerá o Pazo de Exposicións e Congresos da Coruña os días 29 e 30 de novembro e 1 de decembro.

